# *EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES*

## 1. COMENTARIO DE TEXTO: O VOTO EN CORTES DA XUNTA DO REINO

*Os señores procuradores das [sete] cidades deste Reino de Galicia (…) acordaron que as persoas que vaian á Corte da S.M. traten os seguintes negocios: (…) Despois de que fixeran todas as dilixencias posibles para conseguir o dito voto pola vía de graza e mercé como estaba dito e tiveran resolución deliberada de que por este camiño non poderán redimir dito voto e se lles cerrase a porta sen ningunha esperanza, en tal caso procurarán ofrecer a S.M. ou a algunha persoa, algunha cantidade de diñeiro porque lle den o voto perpetuamente. (…) Item protestarán contra os procuradores da cidade de Zamora para que non falen nas Cortes que se celebraren no nome deste reino, pois non teñen título nin poder nin conceda no nome deste reino cousa ningunha, e si a concedera non estea o reino obrigado a cumprilo e todo se veña a pagar a costa da cidade de Zamora e non deste reino.*

Xunta do Reino de Galicia. Instrucións. 1599. [Texto orixinal en castelán]

## 2. COMENTARIO DUNHA FOTOGRAFÍA: AS MANUFACTURAS ARTESANAIS



***Gravado dun antigo tear***

**Cuestións:**
Esta fotografía representa o traballo dunha campesiña nun tear manual no século XVIII:
1. Que peso ten esta actividade na economía dos campesiños ao longo da Idade Moderna?
2. Cal é o principal produto co que se traballa nestes teares?
3. Por que as manufacturas artesáns non se transforman en industrias modernas ata o século XVIII?

***RESPOSTAS***

## 1. COMENTARIO DE TEXTO: O VOTO EN CORTES DA XUNTA DO REINO

Os Reis Católicos inician, xa nas décadas finais do século XV, unha política centralizadora baseada na creación de novas estruturas administrativas. Nos primeiros anos do século XVI van a crear e consolidar as institucións de goberno que os representen e afirmen o seu poder no Reino de Galicia. Entre estas institucións destaca, xunto a Real Audiencia e a figura do Capitán Xeral, a Xunta do Reino de Galicia.

A Xunta do Reino de Galicia empeza a funcionar regularmente en 1528 mantense vixente ata 1834, ano no que se produce a súa abolición como consecuencia da revolución liberal. Os precedentes das xuntas están nas reunións de procuradores da Irmandade que se viñan celebrando dende 1480. Estas xuntanzas reunían periodicamente os representantes das principais cidades para resolver cuestións relativas ao reparto de tributos e levas militares. Non hai que esquecer que Galicia funciona como unha única provincia tributaria e militar e, polo tanto, os tributos e as tropas deben ser organizados no propio reino. Dende 1528 os procuradores das cidades (normalmente membros da fidalguía) deciden reunirse unha vez ao ano, durante quince días do mes de marzo (isto non sempre se vai a cumprir). As cidades que participan na Xunta son, nun principio, cinco pero a mediados do século XVI súmanse Coruña e Tui pasando a estar representadas na Xunta as sete cidades máis importantes: Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tui, Coruña e Betanzos. Outras cidades como Viveiro ou Pontevedra pretenden estar representadas cun procurador pero non o logran. Normalmente as reunións, presididas polo Capitán Xeral, non son na mesma cidade e o lugar escollido case sempre é o edificio do concello. A Xunta convértese, na maior parte das veces, nun órgano consultivo, intermediario entre o Reino de Galicia e a Coroa e sumiso á autoridade real, con funcións de representación na xestión fiscal. Aínda que tivo, en xeral, pouca capacidade operativa, a Xunta distribuía por provincias as cotas dos tributos esixidas polo monarca e tiña o privilexio de facer peticións ao rei sobre as necesidades de Galicia. Unha das queixas ao rei que máis tempo e esforzo lle supón a este órgano é a referente á recuperación do voto en Cortes. Galicia perdera o seu voto a mediados do século XV e agora era Zamora a que falaba por ela nas Cortes da Coroa de Castela. A mediados do século XVI a Xunta do Reino inicia un proceso moi longo para recuperar ese voto.

O texto recolle parte das negociación que se desenvolven ao longo de máis din século para recuperar o voto en Cotes para o Reino de Galicia. En 1599 a Xunta advirte o Rei de que se non se devolve o voto a Galicia, o acordado polo procurador de Zamora en nome de Galicia non será obedecido no Reino. Tras moitas negociacións a Xunta do Reino vai conseguir o voto en Cortes. Isto non ocorre ata 1623, sendo rei Filipe IV, cando xa as Cortes teñen un escaso ou nulo papel. A consecución deste voto prodúcense numerosos enfrontamentos entre as cidades por acudir ás reunións das Cortes. O século XVII é o período de máis actividade das xuntas xa que os problemas da monarquía outórganlles maior importancia e liberdade nas decisións. Aínda que se manteñen ata finais da Idade Moderna, no século XVIII decaen debido ao centralismo borbónico.

## 2. COMENTARIO DUNHA FOTOGRAFÍA: AS MANUFACTURAS ARTESANAIS

1. Que peso ten esta actividade na economía dos campesiños ao longo da Idade Moderna?

As industrias rurais constitúen unha actividade secundaria para os campesiños, de carácter complementario e estacional, pensada para satisfacer as demandas básicas da poboación aínda que en algunhas comarcas serve tamén para complementar os ingresos das familias. Son traballos que se desenvolven sempre dentro do ámbito doméstico e, moitas veces, son realizados polas mulleres.

2. Cal é a principal materia ca que se traballa nestes teares?

Na produción de téxtiles a materia prima é, maioritariamente, o liño. O tradicional traballo do liño vai a ter un gran desenvolvemento durante o século XVIII coa instalación das primeiras fábricas téxtiles.

3. Por que as manufacturas artesáns non se transforman en industrias modernas ata o século XVIII?

A manufactura galega non evoluciona cara unha industria debido ao predominio de oficios destinados simplemente a cubrir necesidades básicas da poboación e ao carácter limitado da súa actividade así como ao escaso volume de negocio que moven estes produtos e o limitado comercio do que son obxecto. A todo isto hai que engadir a tradicional organización gremial, que permite comprender tamén a continua dependencia das iniciativas exteriores e a incapacidade dos talleres autóctonos para facer fronte a un posible aumento da demanda.